

OS AMORES DUNHA LOURA

655

Miloš Forman, 1965

ESTREA EN NUMAX: 04.02.2025 | V.O.S.G. | 80 min

Andula traballa nunha fábrica de zapatos nunha cidade industrial decadente de Checoslovaquia. A desproporción de mulleres e homes fai difícil atopar parella e o supervisor tenta solucionalo facendo que o exército asista a un gran baile.

«O sutil e o sereno, o lúdico e costumista, a tensión sexual e o humor... todo está presente neste filme que lembra a Godard e Resnais»

Guillermo Balbona, EL CORREO



Sobre o particular e o colectivo

Por Jaime Pena

Unha película sobre o particular e o colectivo, *Os amores dunha loura* (1965), terceira longametraxe de Miloš Forman, sostén toda a súa narrativa a partir dos contrastes. O primeiro deles, esa pequena cidade cunha fábrica de zapatos cuxas traballadoras son maioritariamente mulleres, o que fai que o lugar teña unha desproporción de mulleres de 16 a 1. A solución: unhas manobras militares que achegan un continxente de soldados que confraternizarán coas novas empregadas da fábrica nun baile de sábado. É así como a película coral (a fábrica, a residencia onde viven as empregadas, o destacamento militar, a orquestra) vai derivando cara ao particular, desde os pequenos conflitos que se van sucedendo durante o baile ata o protagonismo crecente dunha das mozas, Andula, a loura do título.

Ao tempo, o ton vai modulándose desde a comedia e, por momentos, achegándose ás fronteiras do *slapstick* (o episodio do anel que cae e roda polo chan ata deterse no lugar máis inoportuno), sempre no marco dun retrato xeracional que, rodado no centro da década dos sesenta, é o reflexo de toda unha época, dunha mocidade que podemos recoñecer noutras películas coetáneas, sexa no leste de Europa, no Reino Unido, Francia, Italia ou os países nórdicos.

Unha época de optimismo e confusión que Forman resume en practicamente dúas noites. A primeira, a do baile, na que Andula acaba pasando a noite non cun soldado, senón cun músico, Milda (resulta fascinante como Forman filma os corpos, o feminino como obxecto de desexo, o masculino como vehículo cómico). A segunda é a que sucede na casa familiar deste último. Andula viaxou desde a súa pequena cidade ata Praga, a capital, buscando a Milda, pero ha de pasar a noite cos pais del, como testemuña involuntaria dun drama que, tamén, moi pronto deriva cara a unha *sitcom* que confronta a dúas xeracións, pero que trata a todos os seus personaxes con xenerosidade, empatizando mesmo coas súas esperanzas, por moi ilusorias que estas sexan.

Publicado en lostandfoundfilms.com/